



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 86 /2022

OITAVA.- Os acordos que se reflicten neste CONVENIO, terán sempre carácter administrativo e non se derivarán deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia.

E en proba de conformidade, asínase o presente CONVENIO en duplicado exemplar no lugar e data indicado ao comezo.

O Deputado,

O Presidente da Fundación Eduardo Pondal

D. Xosé Regueira Varela

D Xosé Lois García Carballido

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Amparo Taboada Gil

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES POR PARTE DA DEPUTACIÓN NO MARCO DO FESTIVAL FESTILETRAS 2022, MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE DÚAS ACTUACIÓNS PARA CELEBRAR O DÍA DA PROVINCIA NO MARCO DO FESTIVAL.

Na Coruña, o dous de setembro de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Regueira Varela, deputado delegado de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural, en virtude resolución da presidencia número 24475 de data 16 de xullo de 2019

Doutra parte, Don Xosé Lois García Carballido, en calidade de Presidente da Fundación Eduardo Pondal

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste CONVENIO e, a tal efecto,

EXPOÑEN

A Deputación Provincial da Coruña, dentro da esfera das súas competencias, coinciden no obxectivo de garantir a promoción e posta en valor dos recursos turísticos da provincia firmando este CONVENIO de COOPERACIÓN para a realizar actuacións de promoción da provincia coincidindo coa celebración do FESTILETRAS 2022.

A Fundación Eduardo Pondal, que ten a exclusividade do evento Festiletras desde o ano 1982, é a organizadora do evento social de exaltación das letras máis antigo, plural e popular de cantos se celebran en Galicia, no que participaron e participan escritoras e escritores de máximo prestixio das nosas letras e que leva o nome dun dos máis insignes poetas da nosa historia, autor da letra do himno galego.

A Deputación da Coruña propón aproveitar o evento Festiletras onde se vai diferenciar e singularizar a xornada do día 3 de setembro de 2022 como o “Día da Provincia da Coruña”.

Esta participación ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Poñer en valor o traballo da Deputación da Coruña na recuperación e dinamización do Parque do Megalitismo da Costa da Morte no que ten tanta importancia a obra de Pondal;

- Visualizar o investimento cultural que fai a propia Deputación a través de premios, certames e liñas de fomento;
- Promover o libro e a literatura tanto desde a Biblioteca provincial como das publicacións da Imprenta da Deputación;
- Difundir o acceso á música e ao cinema a través das Redes Culturais e outros programas e/ou proxectos propios, como o de turismo literario co cal a Sección de Turismo quere concursar a nivel europeo.

Moitos destes temas son de grande interese comarcal e unha boa oportunidade de chegar a un público obxectivo; outros teñen razón de ser no ámbito sectorial onde se vai facer a difusión (cultural, literario); e outros son claramente de promoción turística da provincia.

Todos eles, en calquera caso, pretenden valorizar e difundir o esforzo económico da Deputación da Coruña en materia cultural e turística, ademais de dar a coñecer a titularidade provincial dalgúns programas e bens patrimoniais, que grande parte da sociedade non valora porque os descoñece.

Por todo o exposto, considérase que a traxectoria do Festiletras, a singular e importante participación do mundo da cultura nas mesmas, a cantidade de público asistente ao evento e a divulgación de proxectos provinciais ofrecen unha oportunidade excepcional. Unha ocasión para difundir e promover o labor de fomento da Deputación da Coruña nos ámbitos turístico, cultural e promocional, ademais de valorizar recursos e proxectos dos que é propietaria ou nos que está a traballar.

É polo que se propón realizar actuacións coincidindo co Festiletras 2022 para promocionar a provincia desde o punto de vista cultural, o seu territorio rural, e apoiar a maiores, diferentes sectores económicos como o turismo e as industrias culturais, en especial na situación orixinada pola difícil coxuntura económica actual:

“A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, confirma a modificación introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, en relación co artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que ampliaba as competencias provinciais no ámbito da planificación, indicando expresamente que:

«1. Son competencias propias de la Diputación o entidad equivalente las que le atribuyan en este concepto las leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública y, en todo caso, las siguientes: (...)

d) La cooperación en el fomento del desarrollo económico y social y en la planificación en el territorio provincial, de acuerdo con las competencias de las demás Administraciones Públicas en este ámbito>>.

A lei 5/1985, de Administración Local de Galicia, que no artigo 118 inclúe como competencia das Deputacións *“rexer e administrar os interese peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:... d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade a promoción en materia de cultura, educación e deporte”*.

É desexo de ambas as dúas institucións a subscrición dun CONVENIO de COOPERACIÓN e compromiso que instrumente as actividades divulgativas da Deputación da Coruña xunto co citado evento.

Por isto, acordan subscribir este CONVENIO de COOPERACIÓN, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste CONVENIO consiste en regular a COOPERACIÓN entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL para a realización de actividades pola Deputación da Coruña para celebrar o día da provincia coincidindo co evento FESTILETRAS 2022.

SEGUNDA.- Para cumprir co obxecto do presente convenio a Deputación procederá á contratación dunha serie de SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN DO DÍA DA PROVINCIA NO FESTILETRAS 2022.

A Deputación provincial da Coruña será protagonista o día 3 de setembro de 2022.

TERCEIRA.- Para remarcar este protagonismo decidiuse denominar de xeito non oficial “Día da provincia da Coruña” á xornada onde a Deputación realizará os seguintes servizos:

- Unha actuación musical de primeiro nivel que inclúe rider, reserva de espazo e hora no escenario principal. (Baiuca)
- Reserva de espazo, deseño e realización dun mural de pintura.

O obxectivo fundamental é o de fomentar o turismo cultural e musical na provincia da Coruña e facilitar deste xeito o acceso ao noso patrimonio cultural e inmaterial. Ao mesmo tempo, tamén servirá para a difusión da propia Deputación da Coruña e as súas accións de promoción cultural e turística e a loita contra a despoboación.

A contratación será realizada directamente pola Deputación da Coruña non existindo aportación económica directa por parte do ente provincial á Fundación Eduardo Pondal.

As actividades realizadas pola Deputación terán carácter gratuíto para o público asistente.

CUARTA.- A Fundación facilitará gratuitamente a utilización de espazos por parte da Deputación para que poida expoñer paneis informativos ou expositivos acerca da actividade da Deputación en actividades relacionadas coa comarca.

QUINTA.- O presente CONVENIO terá vixencia dende a súa firma, e finalizará o 31 de outubro de 2022.

SEXTA.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este CONVENIO por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

SÉTIMA.- Na medida que sexa posible, ambas institucións fomentarán a COOPERACIÓN con outros organismos públicos ou privados, sempre que elo redunde nunha máis eficaz execución das accións contempladas no presente CONVENIO.